

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao 5 de setembro de 2019

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o cinco de setembro do ano dous mil dezanove, ás dez horas, réunese a Xunta de Goberno da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

Deputados/as:

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Armando Ojea Bouzo

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Luz Doporto Real

D. César Manuel Fernández Gil

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventor:

D. José Mosquera Casero

Ausentes:

D. José Manuel Baltar Blanco e D. Pablo Pérez Pérez

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 8 DE AGOSTO DE 2019.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á extraordinaria de urxencia do 8 de agosto de 2019.

Polo exposto, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

- Aprobar a acta da sesión extraordinaria de urxencia do día 8 de agosto de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2019, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS 85/POS/2019, DO CONCELLO DE A TEIXEIRA.-

Con data 5 de agosto de 2019, o Concello da Teixeira solicitou a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de 2019 no relativo á obra nº 85/POS/2019, no sentido de substituír a obra inicialmente prevista (“Construción de depósito de decantación para retratamento e potabilización da auga bruta na Veiga das Cruces”) pola obra “Renovación do equipo de bombeo do embalse do Mao á ETAP da Veiga”, cun orzamento total de 48.000,00 €.

Consta no expediente informe favorable á solicitude emitido con data 14 de agosto de 2019 polo Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, ao ser esta conforme co disposto na base 4ª das de execución do Plan.

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:**

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de 2019 no relativo á obra n.º 85/POS/2019, no municipio da Teixeira, no sentido de substituír a obra inicialmente prevista (“Construción de depósito de decantación para retratamento e potabilización da auga bruta en A Veiga das Cruces”) pola obra “Renovación do equipo de bombeo do embalse do Mao á ETAP de A Veiga”, cun orzamento total de 48.000,00 €.

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2019, RELATIVO ÁS OBRAS MUNICIPAIS 33 E 34/POS/2019, DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN.-

Con data 30 de xullo de 2019, a Entidade Local Menor de Berán solicitou a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de 2019 no relativo ás obras nº 33 e 34/POS/2019, no sentido de substituír as obras inicialmente previstas (“Rehabilitación do parque de San Roque” e “Acondicionamento do acceso ao balneario vello”) pola obra “Acondicionamento do acceso ao balneario vello e acondicionamento do camino cemiterio-O Calvario”, co número 34/POS/2019, cun orzamento total de 22.500,00 €.

Consta no expediente informe favorable á solicitude emitido con data 6 de agosto de 2019 polo Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, ao ser esta conforme co disposto na base 4ª das de execución do Plan.

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:**

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de 2019 no relativo ás obras nº 33 e 34/POS/2019, na Entidade Local Menor de Berán, no sentido de substituír as obras inicialmente previstas (“Rehabilitación do parque de San Roque” e “Acondicionamento do acceso ao balneario vello”) pola obra “Acondicionamento do acceso ao balneario vello e acondicionamento do camino cemiterio-O Calvario”, co número 34/POS/2019, cun orzamento total de 22.500,00 €.

4.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2019, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL 71/POS/2019, DO CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA.-

Con data 26 de xullo de 2019, o Concello de Rairiz de Veiga solicitou a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de 2019 no relativo á obra nº 71/POS/2019, no sentido de substituír a obra inicialmente prevista (“Rehabilitación de vivenda unifamiliar na Saínza nº 18 Rairiz de Veiga, para uso de vivenda social”) pola obra “Construción de beirarrúas na Saínza”, cun orzamento total de 46.000,00 €.

Consta no expediente informe favorable á solicitude emitido con data 6 de agosto de 2019 polo Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio, ao ser esta conforme co disposto na base 4ª das de execución do Plan.

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:**

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de 2019 no relativo á obra nº 71/POS/2019, no municipio de Rairiz de Veiga, no sentido de substituír a obra inicialmente prevista (“Rehabilitación de vivenda unifamiliar na Saínza nº 18 Rairiz de Veiga, para uso de vivenda social”) pola obra “Construción de beirarrúas na Saínza”, cun orzamento total de 46.000,00 €.

5.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2019, RELATIVA Á OBRA DA REDE VIARIA PROVINCIAL N.º 105/POS/2019, DENOMINADA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA NA OU-0509”, NO TERMO MUNICIPAL DE ESGOS.-

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión do 25 de xaneiro de 2019, adoptou o acordo de aprobación definitiva do Plan provincial de cooperación ás

obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2019.

Unha das obras integrantes do Plan da rede viaria provincial é o Acondicionamento e mellora integral na OU-0509, P.Q. 11+600 a 12+500 (105/POS/2019), no municipio de Esgos.

Unha vez revisado o treito no que se quería actuar para mellorar o acceso ao conxunto monumental de San Pedro de Rocas detectouse que existía un erro na tramificación recollida na relación de investimentos inicial, pois a actuación localízase entre os puntos quilométricos 9+940 e 10+600 e non entre os puntos quilométricos 11+600 e 12+500.

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta formulada, **a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:**

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2019, no relativo á rede viaria provincial, incorporando ao plan principal –en substitución da obra nº 105/POS/2019 denominada “Acondicionamento e mellora na OU-0509, p.q. 11+600 a 12+500”- a obra denominada “Acondicionamento e mellora na OU-0509, p.q. 9+940 a 10+600”, cun orzamento total de execución de 260.000,00 euros.

6.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS DA PROPOSTA PROVISIONAL DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS PRESENTADOS AO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2018 – 1º PERÍODO E RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO DITO CONCURSO.-

Con data 11 de xullo someteuse a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación a proposta provisional de valoración dos proxectos presentados ao concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2018 – 1º período (BOP nº 1, do 2 de xaneiro de 2019).

No dito prazo de audiencia presentou alegacións fronte á proposta provisional de resolución do concurso de referencia, **o Club Ciclista Carballiño** sobre a celebración da “*IV BTT en familia do Concello do Carballiño*” e da “*III mini BTT Concello do Carballiño*”.

Na alegación presentada o Club Ciclista Carballiño solicita que se facilite xustificación sobre a puntuación outorgada aos eventos para os que se solicitou subvención:

- **III MiniBTT Concello de Carballiño**

- **IV BTT en Familia**

Revisados ambos expedientes, a puntuación outorgada estímase conforme co establecido nas bases reguladoras do concurso e a documentación que figura na solicitude da entidade.

A indicada puntuación procede da seguinte valoración:

III MiniBtt Concello Carballiño

Puntos orzamento: 4 puntos (1 punto por cada 1.000 de orzamento) Máxima puntuación 25

Puntos esforzo económico: 4 puntos (34,96 % de aportacións non públicas) Máxima puntuación 15

Categoría competitiva do evento: 10 puntos (Autonómico) Máxima puntuación 40

Antigüidade: 0 puntos (Menos de 5 anos de antigüidade, 0 puntos) Máxima puntuación 10

Duración: 1 punto (1 xornada) Máxima puntuación 10

Volume participación: 15 puntos (Trátase dunha proba de carácter “Federada” cunha participación de 350 deportistas. Máxima puntuación 20

Muller, discapacitados e base: 6,67 puntos. (Proceden da suma de 3,33 puntos de participación de muller e 3,33 da participación de base) Máxima puntuación 10

Total puntuación: 40,67 puntos x 17 euros valor/punto..... 691,39 euros.

IV Btt en familia Concello de Carballiño

Puntos orzamento: 1 punto (1 punto por cada 1.000 de orzamento) Máxima puntuación 25

Puntos esforzo económico: 0 puntos (20,69 % de aportacións non públicas) Menos 30% cero puntos. Máxima puntuación 15

Categoría competitiva do evento: 2 puntos (Provincial) Máxima puntuación 40

Antigüidade: 1 punto. Máxima puntuación 10

Duración: 1 punto (1 xornada) Máxima puntuación 10

Volume participación: 6 puntos (Trátase dunha proba de carácter “Popular” cunha participación de 150 deportistas. Máxima puntuación 20

Muller, discapacitados e base: 3,33 puntos. (Proceden de 3,33 puntos de participación de muller) Máxima puntuación 10

Total puntuación: 14,33 puntos

Ao non acadar 35 puntos, que era a nota de corte, esta actividade quedou excluída do reparto de subvencións.

De acordo con todo o indicado anteriormente a Comisión de Valoración entende que **procede desestimar íntegramente a alegación formulada polo Club Ciclista Carballiño.**

Polo exposto, e unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e consonte coa acta-proposta da Comisión de Valoración e a proposta formulada, a **Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo de resolución definitiva do devandito concurso:**

1º) Desestimar, íntegramente, as alegacións presentadas polo Club Ciclista Carballiño, polos motivos incluídos na parte expositiva desta acta.

2º) Inadmitir a trámite, as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

a) Por presentar as solicitudes fóra do prazo de presentación obrigatorio para os eventos que se celebren no primeiro semestre do ano o primeiro período de convocatoria:

Federación Galega de Piraguismo	G36040764	Copa España Descenso 2019 O Barco de Valdeorras
Federación Galega de Piraguismo	G36040764	51ª Descenso Internacional do Río Miño 2019

3º) Excluir da valoración, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

SOLICITANTE	ACTIVIDADE SOLICITADA	MOTIVO EXCLUSIÓN OU NON VALORACIÓN
Centro de Deportes Barco	Torneo Semana Santa Fútbol 7 2019	NON CONSTA CELEBRACIÓN
Running Sport Trail	9ª Carreira por montaña y Andaina Chandrexa Trail y 6º Minitrail	RENUNCIOU
Asociación Móvete por Nogueira	Andaina Ruta do Camiño do Farricoque	NON CONSTA CELEBRACIÓN
Asociación del Deporte Ourense	Copa Fútbol 7 Ourense	NON EVENTO PUNTUAL - É UNHA LIGA- Base 1ª-3-d
Club Deportivo Tres Lunas Quereño	Pilgrim Experience MTB 2019	Non é un evento vencellado a provincia de Ourense
Ardai Educación y Terapia	Agility Canino Inclusivo Ardai	Non actividade federación deportiva
Asociación Escola de Kickboxing Cipri Gomes	XVI Edición del Torneo Internacional de Kickboxing Cidade de Ourense	NON CONSTA CELEBRACIÓN

Club Olimpos	Gala de Artes Marciales en homenaje a Carlos Conde	NON CONSTA CELEBRACIÓN
--------------	--	------------------------

4º) Denegar a concesión de subvención ós seguintes proxectos por non acadar a puntuación mínima de **35 puntos**, establecida pola Comisión de Valoración e de conformidade coa base novena da convocatoria:

ENTIDADE SOLICITANTE	PROXECTO	CIF	PTOS
Asociación de Veciños "San Salvador de Villaza"	IV Campionato de Pesca Deportiva	G32129660	18,00
Asociación de Veciños "San Salvador de Villaza"	Torneo de Fútbol Sala Villaza 2019	G32129660	24,00
Asociación Amigos do Balonmán Ourense	9ª Xuntanza Nacional Cidade de Ourense de Veteráns de Balonmán	G32404543	28,00
Asociación Cabalistas "O Mundil"	Campionato Galego de Enganche	G32240103	11,33
Club Ciclista Carballiño	IV BTT en familia Concello do Carballiño	G32321051	14,33
Club de Montaña Ribeira Sacra	XIII Andaina de Cativos e XIII Andaina da Castaña	G32253874	27,33
Agrupación Deportivo Natural	XXIII Concurso de Pesca do Ribeiro-Trofeo Infantil e Xuvenil Jesús Martínez	G32181281	23,00
Club Ximnasia Escola Pavillón	IV Mostra de Escolas de Ximnasia	G32346751	18,67
Asociación Móvete por Nogueira	Andaina Ruta do Contrabando	G32471435	17,33
Asociación Móvete por Nogueira	Andaina Ruta do Camiño da Amargura	G32471435	21,33
Club Polideportivo Athlos	9 Camp. Galego categoría Sub-9 e 36 Camp. Galego Categoría Sub-19 - 2019	G32028292	31,33
Club Polideportivo Athlos	40 Campionato Galego Categoría Absoluto e 36 campionato Sub-15 Edición 2019	G32028292	29,44
Club Polideportivo Athlos	TTR Sub-13 Sub -17 3 Estrellas Ourense	G32028292	31,53
Asociación Escaladores Ourensáns	II Open marcha Nórdica Cidades de Ourense-Campus del Agua	G32341943	20,33
Asociación Xuvenil Amencer	VI Andaina Solidaria	G32025405	27,00

5º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

ENTIDADE SOLICITANTE	PROXECTO	CIF	SUBVENCIÓN
----------------------	----------	-----	------------

Club Deportivo Open	OHF 2019 Torneo Internacional Veteráns de Hockey (Edición número 14)	G-32321325	3.000,00 €
Club de Piragüismo Fluvial Avión	XXXI Campionato Galego de inverno de Piragüismo	G-32385304	590,00 €
Special Olympics Galicia	O Transporte nos xogos autonómicos de Fútbol Sala Ourense 2019	G-15771777	993,33 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	III Spanish Amateur Cup	G-32324865	2.543,33 €
Club Peña Trevinca Barco	XIV Andaina y Trail de Outono -O Barco de Valdeorras	G32022626	880,00 €
Asociación Baloncesto Xinzo	VIII Torneo Internacional de Minibasket Vilas de Ourense"	G32358186	565,00 €
Asociación Deportiva Limiaactiva	I Cross de Antioquía 2019	G32341067	530,00 €
Club Patinaxe AEHDE Carballiño	III Trofeo Vila do Carballiño de Patinaxe Artística	G32440828	742,33 €
Club Patinaxe AEHDE O Carballiño	Copa de España de Patinaxe Freestyle	G32440828	776,33 €
Club Patinaxe AEHDE O Carballiño	I Torneo Terras do Arenteiro de Grupos Show	G32440828	742,33 €
Centro de Deportes Barco	Torneo Valdeorras Cup Futbol 7 2019	G32033763	1.395,33 €
Escudería Xunqueira de Ambía	6ª subida Xunqueira de ambía	G32497588	2.601,67 €
Club Piragüismo Fluvial Allariz	Campionato Galego Xogade de Piragüismo	G32102899	742,33 €
Club Piragüismo Fluvial Allariz	Campionato Galego de Inverno K2/C2	G32102899	986,67 €
Agrup. Antiguos Jugadores CD Ourense	XV Memorial Lito	G32233439	575,00 €
Asociación Deportiva Jockey Club Galicia	V Gran Premio Día das letras Galegas	G32461220	560,00 €
Asociación Deportiva Jockey Club Galicia	III Gran Prix de Ourense	G32461220	560,00 €

Asociación Deportiva Jockey Club Galicia	V Gran Premio de Galicia	G32461220	753,67 €
Kickboxing Club Xinzo	IV Trofeo de Kickboxing Cidade de Antioquía	G32468829	759,33 €
Xadrez Ourensán Universitario	VI Torneo Internacional Xadrez Campus Ourense	G32314213	2.050,00 €
Club Marusia	II Torneo Interescuelas	G32402836	993,33 €
Club Social Santo Domingo	II Torneo Ourense Oupen	G32004244	953,33 €
Club Social Santo Domingo	I Torneo Internacional Ourense xacobeo 2021	G32004244	1.800,00 €
Asociación Deportiva Dinamic Center	XVIII Campionato Internacional Wushu "Cidade de Ourense"	G32232985	4.500,00 €
Federación Galega de Atletismo	Campionato de España Master de Pista Cuberta	G15103500	2.020,00 €
Federación Galega de Atletismo	Camp. Galicia Absoluto y Sub-23 - e 1500 y 3000 Sub-18 y Sub-20	G15103500	702,67 €
Federación Galega de Atletismo	XIV Camp. De Galicia de Clubs Pista Cuberta	G15103500	560,00 €
Club Ciclista Carballiño	III Mini BTT Concello do Carballiño	G32321051	691,33 €
Club Ximnasia Pavillón	XII Torneo Primavera Cidade de Ourense	G32312589	776,33 €
Club de Montaña Ribeira Sacra	XIII Carreira por Montaña "Canon do Sil"	G32253874	1.000,00 €
Clube de Piragüismo Fontefría	Campionato Galego Novas Promesas 3000/5000m	G32016057	750,00 €
C.Dep. Fundación Cipri Gomes	Campionato gallego de kickboxing Tatami sport	G32473316	953,33 €
Asociación Cultural e Deportiva Vía XVIII	IX San Mamede Desafío Solidario	G32392284	575,00 €
Club Deportivo Velle	VIII Edición Memorial Manolo Carrera Fútbol 8 Benxamín e Prebenxamín	G32147761	1.516,67 €
Ourense Club de Fútbol S.A.D	XIX Memorial Pateló	A32156879	719,67 €
Ourense Club de	V Torneo Ourense Termal Cup	A32156879	575,00 €

Futbol S.A.D			
Club Deportivo Tres Lunas Quereño	Gran Fondo Peña Trevinca 2019	G32474538	525,00 €
Club Deportivo Tres Lunas Quereño	Tres Lunas Race 2019	G32474538	680,00 €
Fundacion Ado Moure	4º Días de Ourense a Provincia Termal	G32438160	1.534,00 €
Escolas Deportiva Nogueira de Ramuín	II Trofeo de Kickboxing Ribeira Sacra	G32478034	535,00 €
SDC Arrabaldo	IX Toneo Semana Santa	G32278541	1.447,33 €
Club A.D.A.S	VIII Carreira e Andaina Popular A Rúa	G32027195	560,00 €
Club A.D.A.S	XII Carreira dos Santiños	G32027195	685,67 €
Club A.D.A.S	XXXIII Milla Urbana Nacional de O Barco	G32027195	1.490,67 €
Club Natación Pabellón Ourense	XLVIII Trofeo Internacional Pedro Escudero	G32310336	736,67 €
		TOTAL.....	49.627,67 €

7.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL RUTAS DO VIÑO DO RIBEIRO PARA ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE 2010-2017.

No Pleno de data 29 de marzo de 2019 acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando, con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.12, unha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 euros, a favor da Asociación Cultural Rutas do Viño do Ribeiro, para actividades e funcionamento da entidade 2010-2017.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de **execución dos orzamentos.**

Polo exposto, e unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno, por**

unanimidade, acorda:

Aprobar a concesión dunha subvención a favor da Asociación Cultural Rutas do Viño do Ribeiro, nos seguintes termos:

- **Importe:** 20.000,00 €.

- **Obxecto:** Actividades e funcionamento da entidade 2010-2017.

- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (20.001,35 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 2 de decembro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de concesión.

8.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DO

**CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE DO RIBEIRO, PARA
DIAGNÓSTICO SOCIOECONÓMICO E PLAN ESTRATÉXICO.**- No Pleno de data 28

de setembro de 2018, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2019, e con cargo á aplicación 433.00/489.35, a cantidade de 41.745 euros a favor do Consello Regulador da Denominación de Orixe do Ribeiro, para diagnóstico socioeconómico e Plan Estratéxico.

A Sección de Subvención comprobou que a documentación presentada polo representante da mencionada entidade, na que figura un orzamento de gastos polo importe de 41.500 euros, e que a solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, e unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:**

Aprobar a concesión dunha subvención a favor do Consello Regulador da Denominación de Orixe do Ribeiro, nos seguintes termos:

- **Importe:** 41.500 €.

- **Obxecto:** Diagnóstico Socioeconómico e Plan Estratéxico.

- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (41.500 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso

acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

- **Prazo xustificación:** ata o 29 de novembro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de concesión.

9.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DE CLUB DEPORTIVO VELLE, PARA ESCOLAS DEPORTIVAS.

- No Pleno de data 29 de marzo de 2019 acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando, con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.06, unha subvención nominativa, por importe de 15.000,00 euros, a favor do Club Deportivo Velle, para Escolas Deportivas.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, e unha vez concluída a instrucción do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:**

Aprobar a concesión dunha subvención a favor do Club Deportivo Velle, nos seguintes termos:

- **Importe:** 15.000,00 €.

- **Obxecto:** Escolas Deportivas.

- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (60.100 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as

subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

- **Prazo xustificación:** ata o 30 de setembro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de concesión.

10.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE PADRES A FAVOR DE LAS PERSONAS CON RETRASO MENTAL DE OURENSE ASPANAS, PARA ADQUISICIÓN DE FURGONETA.-

No Pleno de data 29 de marzo de 2019 acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando, con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/789.00, unha subvención nominativa, por importe de 30.000,00 euros, a favor da Asociación de Padres a favor de las Personas con Retraso Mental de Ourense ASPANAS, para adquisición furgoneta.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, e unha vez concluída a instrucción do expediente pola Sección de

Subvencións e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:**

Aprobar a concesión dunha subvención á Asociación de Padres a favor de las Personas con Retraso Mental de Ourense ASPANAS, nos seguintes termos:

- **Importe:** 30.000 €.

- **Obxecto:** Adquisición de furgoneta.

- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (31.239,47 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non

xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

- **Prazo xustificación:** ata o 30 de outubro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de concesión.

11.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO DE VALDEORRAS, PARA RUTA DO VIÑO 2019.-

No Pleno de data 28 de setembro de 2018, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2019, e con cargo á aplicación 47903-43141, a cantidade de 20.000 euros a favor da Asociación Ruta do Viño de Valdeorras, para Ruta do Viño 2019.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, e unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:**

Aprobar a concesión dunha subvención á Asociación Ruta do Viño de Valdeorras, nos seguintes termos:

- **Importe:** 20.000,00 €.

- **Obxecto:** Ruta do Viño 2019.

- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (20.000 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose

a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio

das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

- **Prazo xustificación:** ata o 2 de decembro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de concesión.

12.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL SANTA MARIÑA, PARA VESTIARIO.-

No Pleno de data 29 de marzo de 2019 acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando, con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.12, unha subvención nominativa, por importe de 3.000,00 euros, a favor da Asociación Cultural Santa Mariña, para vestiario.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, e unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:**

Aprobar a concesión dunha subvención á Asociación Cultural Santa Mariña, nos seguintes termos:

- **Importe:** 3.000 €.

- **Obxecto:** Vestiario da Coral.

- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (3.000,01 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

